

A TARDE DE AINOA

Había unha vez unha nena que se chamaba Ainoa.

Os seus pais traballaban, por iso pasaba case todo o tempo coa súa tía, por que os seus pais viñan á noite.

Ainoa díxolle á súa tía se podía chamar ás súas amigas para que viñesen xogar á súa casa. A súa tía díxolle que si podía, Ainoa púxose moi contenta. Chamou a todas, e todas dixeron que si que viñan.

As súas amigas foron chegando pouco a pouco, cando xa estaban todas na casa de Ainoa, empezaron a falar de a que podían xogar. Ainoa tivo unha idea, xogar aos detectives, todas dixeron que si.

Ainoa tiña disfraces de detectives, e puxéronos. Saíron á horta e Ainoa viu unha pluma branca, chamou a todas para que a visen. Ainoa dixo:

-Será dun paxaro?

E as súas compañeiras contestaron que seguramente pero... de que paxaro? Se preguntaron.

Nese intre, a tía de Ainoa chamou por elas para merendar, e alá foron correndo. Mentres merendaban elas seguían preguntándose de que paxaro sería aquela pluma e para saír de dúbida Ainoa dicidiu preguntar á súa tía que algo diso entendía. Ela díxolle que sería dunha pomba pois por aquela zona había moitas.

E así acabou o misterio da pluma. A tarde foi pasando e elas disfrutando. Pero chegou a noite e as amigas de Ainoa tiveron que marchar. Os pais de Ainoa chegaron de traballar, e mentres Ainoa se metía na cama íalles contando aos seus pais como pasara a tarde, unha tarde chea de risas e misterios.

(9) de 3^o de ED. PRIMARIA